

## A INTERPRETACIÓN MUSICAL NA MISIÓN DE NOVA NURSIA ATA 1900

Anna Haebich

Catedrática da Universidade de Curtin (Perth), Australia

### (RESUMO)

Este traballo trata sobre o papel decisivo que desempeñou a música dos aborixes baixo o mandato do bispo Rosendo Salvado na misión de Nova Nursia durante o século XIX. Baseándose nos ricos recursos dos que se dispoñen nos arquivos de Nova Nursia, afóndase no encontro das culturais musicais europea e dos aborixes na misión. Nesta historia cómpre salientar os destacados logros musicais dos nenos e mozos aborixes no coro de música relixiosa e tocando o órgano, o piano e outros instrumentos para as orquestras de corda e vento da Misión. Resultaba abraiante a rapidez coa que aprendían e a enerxía coa que interpretaban a música. Neste traballo trátanse estes temas no contexto das vida práctica, emocional e espiritual que se levaba na Misión.

Os logros musicais dos aborixes na Misión de Nova Nursia baixo o mandato do bispo Rosendo Salvado considéranse coma un modelo na historia das misións do Imperio Británico. A importancia que lles outorgaban ás habilidades musicais evidénciase no tesouro musical irrepitible composto por manuscritos, instrumentos musicais e fotografías conservados nos arquivos de Nova Nursia.

A educación dos aborixes na misión implicaba a introdución da aprendizaxe musical seguindo as tradicións musicais das colonias españolas. A música formaba parte indispensable das rutinas diarias dos nenos da misión, ou ben cantando nos oficios relixiosos ou aprendendo linguaxe musical ou a tocar instrumentos de corda ou de vento madeira.

Therese Radic destaca que a música formaba parte integral da misión de Nova Nursia dende a súa fundación e identifica tres correntes musicais dominantes:

- 1) A tradición relixiosa beneditina do culto litúrxico en latín, que era unha parte fundamental da vida diaria e das festividades relixiosas que expresaban a perfección do ceo, reafirmaban os valores monásticos e establecían vínculos coa comunidade relixiosa.
- 2) A música tradicional e popular galega e española.
- 3) As cancións, marchas de danzas populares de orixe inglesa, americana e anglo-australiana.

Unha cuarta corrente non mencionada por Radic é a música clásica, xa que na misión había músicos virtuosos. Rosendo Salvado era un afamado organista, cantante, compositor, pianista e mestre. Amaba fondamente a música e considerábaa un don de Deus creado para exercer o culto.

O pobo Yued tiña tamén as súas propias tradicións musicais moi ricas, baseadas en cantos e melodías interpretadas nas tarefas diarias e en determinados acontecementos importantes como as cerimoniais tribais.

Durante algún tempo Nova Nursia e os seus arredores encheuse dunha mestura transcultural de sons musicais de cerimoniais tribais e cantos gregorianos e distintos instrumentos, melodías, ritmos e linguas, como o *Yued*, inglés, latín, español, galego, italiano e francés. Neste ámbito cosmopolita o amor compartido pola música podía tender unha ponte entre os monxes, o pobo Yued e os colonizadores dos arredores. Pero isto non durou moito porque Salvado, malia

o seu interese etnográfico polas cerimoniais tribais, consideraba que as melodías eran monótonas, simples e carentes de textura sen instrumentos de vento, corda ou percusión, utilizando só armas de madeira.

Tiveron que facer uso da persuasión para que o pobo Yued aceptase as formas europeas de diversión mediante un proceso gradual que os levase pouco a pouco a gozar doutros xeitos de divertírense. A partir deste momento xurdiu o entusiasmo de Salvado polos partidos de cricket nas fins de semana, festas e bailes polo serán nos que os nenos e mozos interpretaban música popular a aos que acudían os aborixes, os agricultores da zona, os visitantes de Nova Nursia e ás veces o propio Salvado. Esta estratexia non só constituía unha formación moi útil, senón máis ben unha forma deliberada de mantelos contentos e felices co fin de substituír os seus “costumes salvaxes” pola civilización europea.

Cara a mediados dos anos 80 do século XIX, despois de recibir clases do padre Oltra, os nenos aborixes podían interpretar un repertorio variado de estilos musicais, como música clásica, sacra e popular, recollidos de amplas tradicións musicais, e tamén podían tocar o teclado e instrumentos de corda e vento nunha orquestra formada por vinte músicos e nunha banda de metais formada por vinte e cinco músicos.

A experiencia musical das nenas limitábase principalmente a aprender cancións educativas na escola e cantar na igrexa. Non se atopa ningunha mención a que tocasen algún instrumento., o cal non resulta sorprendente dada a natureza patriarcal da Misión.

Os expertos da época chegaron a conclusión de que os nenos aborixes tiñan habilidades musicais innatas. Tiñan moi bo oído, aprenderon facilmente a tocar os instrumentos occidentais e Salvado destacaba, sobre todo, que tiñan moi boa memoria.

A formación musical dos nenos levouna a cabo o padre Oltra para crear a orquestra de corda formada por vinte músicos que tocaban na abadía todos os anos no Nadal e tamén nos bailes semanais para o deleite dos visitantes. A banda de metais comezou a tocar en 1885. Estas dúas bandas consideráronse un fenómeno colonial transnacional cunha gran popularidade a partir do século XIX en América do Norte, África e nas misións de Novo Nursia e Queensland en Australia.

A historia da banda de metais de Nova Nursia xurdiu na viaxe que fai Salvado a Europa en 1882. O seu irmán Santos insinuou que na Misión se debía xogar máis ao cricket e foi así como se lle ocorreu a idea de formar unha banda de metais. Salvado pediulle ao sobriño que tiña en Tui que comprase os instrumentos, que foron encargados a unha empresa francesa de fabricación de instrumentos e enviados directamente a Nova Nursia. O entusiasmo co que os nenos aprenderon a tocar os instrumentos sorprendeu a todo o mundo a cando Salvado volveu á Misión sete meses máis tardes a banda tocou para darlle a benvida. Salvado escribiulle ao seu sobriño e contoulle o sorprendido que estaba pola brillante interpretación que fixeran dunha marcha e polo pouco tempo que lles levara aprender a tocar os instrumentos.

Na banda aprenderon a tocar unha gran variedade de repertorios musicais, incluída a música composta polo propio Salvado (da que só se conserva unha parte da polca Shearing), música de baile española como o pasodobre, marchas americanas e inglesas e melodías populares. O entusiasmo pola banda foi tal que os músicos máis vellos que tocaban a varios quilómetros de distancia da Misión ían camiñando desde as súas casas polas tardes para ir ensaiar con eles.

Outra das iniciativas de Salvado para eliminar os “costumes salvaxes” dos Yued foi a celebración dos bailes case todas as fins de semana no vello muíño da Misión, despois dos partidos de cricket. As bandas de corda e de metais tocaban para amenizar a festa e convertéronse nunha das principais atraccións da Misión no distrito. Tamén se celebraban bailes con motivo dos matrimonios entre aborixes e de persoas procedentes de lugares moi afastados.

A principios dos anos 90 do século XIX, dúas xeracións de músicos recibiran a súa formación na Misión. A súa interpretación musical considerouse unha proba tanxible do éxito na civilización do pobo Yued. A transcendencia da música na vida da misión foi moito máis relevante que a interpretación das cancións nas cerimoniais relixiosas protestantes no seu tempo.

Todos os nenos e mozos das familias que viviron na Misión participaron en eventos musicais dalgún xeito, pero algúns deles sobresaíron polo seu talento. Salvado sinalou a un rapaz de 16 anos chamado Lawrence Ponto (Pinto), que foi o único “de entre un milleiro” que foi capaz de aprender a tocar o piano a acompañar o coro co harmonio en só uns meses. Tamén destacou a dou irmáns violinistas, nados en Nova Nursia, que se chamaban Benedict e Peter Jatter, de 20 e 22 anos respectivamente.

O músico máis destacado foi Paul Piramino que era un aborixe nacido en Nova Nursia en 1873, e que estudou música co padre Oltra. Era un músico moi demandado na misión e nos distritos dos arredores. Cando morreu o padre Oltra, Salvado contratouno na Misión para substituílo como organista, violinista, mestre do coro, director da orquestra de corda e mestre da banda de metais.

Pero a prolífica produción musical de Nova Nursia desapareceu cando morreu Salvado no ano 1900. Piramino foi despedido polo abade Torres e os aborixes da Misión declararon que non volveron cantar e bailar como antes despois da morte de Salvado.